

## INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 5º DE PRIMARIA

SEMANA 30/03/20 – 3/04/20

**IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR A TRABALLAR!** Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Ante calquera dúbida de vocabulario, acordádevos de **consultar** o seguinte dicionario en liña: <https://www.wordreference.com/>

Haberá exercicios que conteñan preguntas e, por tanto, atoparedes palabras que descoñecedes. Como sempre vos digo en clase, **antes de deixar unha pregunta sen contestar, buscade o significado de cada palabra que non saibades**. Iso axudaravos a comprender o sentido da pregunta e, polo tanto, a ser capaces de facela. **Lembrede que é mellor intentar facelo que non facer nada**, pois os que deixades de practicar e perdedes esa oportunidade sodes vós.

**Sodes perfectamente capaces e con esforzo todo se consegue!** 😊

As tarefas desta semana, como as da anterior, están programadas en base ó horario normal da materia de inglés, é dicir, tres sesións semanais.

Debido a que se vai manter o calendario escolar, **este venres 3 de abril daranse por comezadas as vacacións de Semana Santa, rematando o día 13 de abril (este incluído)**. Isto quere dicir que **ata a volta destas vacacións, o martes 14 de abril, non se subirá á web do colexio ningunha actividade ou contido da materia**.

Ademais das fichas, veredes que adxuntei un documento titulado “**Answers**”, o cal inclúe as respostas para corrixir unha vez as actividades estean rematadas. Sen embargo, hai algúns documentos que xa inclúen as respostas, indicando con detalle cales son na explicación dos exercicios máis abaixo. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros. Haberá actividades que non aparezan neste documento, pois son de resposta libre.

Ó final atoparedes unha ligazón para acceder a Kahoot!, un xogo no que se repasarán de xeito individual os contidos desta unidade e da anterior como ferramenta de autoavaliación.

Por último, gustaríame que antes de que nos vaiamos de “vacacións”, me deixedes, tanto alumnado como familias, as vosas opinións sobre estas clases online no correo que vos proporcionei. Tereino en consideración para a organización da seguinte avaliación e así axustarme mellor ás vosas necesidades dentro das medidas que sexan posibles e ás circunstancias que se presenten. Gracias!

- **Ficha 1: Jobs exercises.**

Nesta ficha veredes que hai dous exercicios:

- No primeiro, tendes que observar a imaxe e escribir no caderno as profesións correspondentes **en orde**, de esquerda a dereita, pois na folla de respostas aparecerán así. Se non o facedes deste xeito, custaravos comprobar todo e posiblemente non o corrixades debidamente.
- Na segunda actividade tendes que **copiar as frases na libreta** e completar o espazo en branco coa profesión que consideredes segundo a descrición que se vos fai. Tendes que empregar os oficios vistos no exercicio 1.

Unha vez rematedes e revisedes ambos exercicios, comprobade e corrixide as respostas no documento titulado “**Answers**”.

- **Ficha 2: Jobs and occupations matching.**

Nesta actividade tendes que ler a descrición da profesión que se vos mostra na columna da dereita e relacionala coa letra correspondente segundo as palabras que se amosan na columna da esquerda. Recordade o emprego do dicionario en liña recomendado no caso de descoñecer calquera palabra.

**Unha vez rematedes e revisedes o exercicio**, consultade e corrixide as respostas na segunda páxina do documento.

- **Fichas 3 e 4: Comparatives.**

Veredes dúas fichas que inclúen no seu título “Comparatives”. Fan referencia á gramática vista na Unidade anterior sobre os adxectivos comparativos, polo que teredes que revisar os apuntes que tendes no caderno e no “Pupil’s Book” antes de realizalas. Lembraide as normas para engadir correctamente a terminación -er nos adxectivos, terminación coa que realizamos o comparativo.

Na ficha titulada “**Comparatives**”, atoparedes dous exercicios a realizar **no caderno**:

- No exercicio A) tendes que ler as frases e elixir entre os dous adxectivos que se vos dan, escribíndoo na forma comparativa e fixándoos ben que teña sentido coa frase.
- No exercicio B) tendes que escribir “is” ou “isn’t” segundo observedes nas imaxes. Atoparedes a estrutura “as .... (adxectivo) as” que significa “tan ... como”. Explícoo brevemente nestas liñas, pois é algo que non vimos en clase, pero que dado que aparece no exercicio pareceume interesante velo. Usamos a estrutura “as + adjective + as” para indicar que o que

estamos comparando presentan certa igualdade. Por exemplo: Peter is **as tall as** his brother (Peter é tan alto coma o seu irmán). Neste caso, **o adxectivo queda tal e como está**, sen engadir a terminación -er.

- Unha vez rematedes ambos exercicios, revisade e corrixe as vosas respostas no documento titulado “**Answers**”.

Na ficha titulada “**Comparative forms of adjectives**”, simplemente tendes que ler as frases e o adxectivo que está entre parénteses e escribir a forma correcta do comparativo no caderno. Unha vez rematedes, tendes as respostas no mesmo documento, na segunda páxina, para corrixir.

Para completar este repaso e practicar un pouco máis, deixo estas ligazóns con actividades en liña sobre os comparativos. Cando teñades todas as respostas, facede clic en “check answers”, “done” ou “check” (dependerá da páxina) para corrixir:

- ✓ <http://www.adelescorner.org/grammar/comparatives/comparatives3.html>  
(nota: o comparativo de “bad” é “worse”; este adxectivo é irregular e non segue a norma)
- ✓ <http://www.adelescorner.org/grammar/comparatives/comparatives2.html>
- ✓ <https://www.englishexercises.org/makeagame/viewgame.asp?id=2331>  
(nota: o comparativo de “good” é “better”; este adxectivo é irregular e non segue a norma)
- ✓ <http://esl.fis.edu/grammar/single/compare1.htm> (fixádevos na columna da dereita, onde están os adxectivos que tendes que elixir)
- ✓ <https://www.learnenglishfeelgood.com/english-adverbs-comparative1.html>
- ✓ <https://www.montsemorales.com/gramatica/Comparative.htm>

- **Xogo de repaso: Kahoot.**

**Unha vez que rematedes todas as actividades desta unidade**, imos xogar a Kahoot!. É importante que o fagades ó final, pois é unha ferramenta para repasar os contidos dados de xeito individual e divertido e tamén de **autoavaliación**. É tamén moi recomendable que repasedes non só o vocabulario desta unidade senón tamén o da **unidade anterior**, pois haberá preguntas de ambos temas. Revisade tamén a gramática do tema 3, os **comparativos**.

Esta vez o Kahoot! vai ser un pouco diferente ó que xogamos na clase, pois non vai haber equipos. É un “challenge” (reto) **individual**, onde teredes que responder ás preguntas vós mesmos e mesmas. Pero segue a haber puntos! Cantos máis consigas mellor, pois significará que lembrás os contidos e que os aprendiches correctamente.

Hai diferentes tipos de preguntas: **seleccionar a resposta correcta** e “**type**” (escribir vós co teclado do ordenador ou móbil a resposta).

Estas son as **instrucións para acceder ó xogo**:

- Abre esta ligazón: [https://kahoot.it/challenge/0218866?challenge-id=aa159508-2ce6-4651-b813-7e290f13e3b2\\_1585469440891](https://kahoot.it/challenge/0218866?challenge-id=aa159508-2ce6-4651-b813-7e290f13e3b2_1585469440891) e accederás directamente ó xogo.
- Verás que na pantalla aparece a frase “Join the game” (unirse ó xogo) e debaixo pon “enter nickname”. Aquí escribe **o teu nome** (non un inventado) e despois fai clic en “OK, go!”.
- Unha vez completados estes pasos, poderás comezar a xogar.
- **Olo! O xogo só estará dispoñible ata este venres 3 de abril ás 9 da noite.** Se non o completaches antes deste día e esta hora, non terás máis oportunidades para xogar.
- Poderei ver quen participou no xogo e quen non, así como a puntuación que obtivo cada xogador. O resultado final **non contará para a nota final da materia**, pero si será unha guía para min.

É importante que se tendes algunha dúbida antes de xogar ou no proceso de acceso ó xogo, me escribades ó correo que vos proporcionei, pois unha vez no xogo non hai opción de volver atrás. Se pola contra tes problemas mentres xogas ó xogo, para e consúltao comigo mediante correo electrónico.

Enjoy!